

A ver... a ver, vinde para aquí. A cousa é así: unha persoa vai ata o centro do espazo e imaxina que é a peza da engrenaxe dunha máquina complexa. Fai un movemento rítmico co seu corpo e, ao mesmo tempo, o son que esa peza da máquina debe producir. As outras persoas prestan atención, en círculo, ao arredor da máquina. Unha segunda persoa érguese e, co seu propio corpo, engade unha peza á engrenaxe desa máquina, con outro son e outro movemento que sexan complementarios e non idénticos. Unha terceira persoa fai o mesmo, e unha cuarta, ata que todo o grupo estea integrado nunha mesma máquina, múltiple, complexa, harmónica. Variante! O mesmo exercicio, coa seguinte modificación: todas as persoas participantes deben imaxinar unha máquina de odio, despois unha de amor. Sexa o que fose o que cada quen entende polas palabras "odio" e "amor", deben seguir sendo parte da engrenaxe dunha máquina e non dun ser humano. Probamos?

*A máquina do pobo
Iria Pinheiro*